

III. OUTRAS DISPOSICIÓN S

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

DECRETO 26/2018, do 1 de marzo, polo que se ditan normas para garantir os servizos esenciais durante a folga convocada para o día 8 de marzo de 2018.

O artigo 28.2 da Constitución española recoñece, como dereito fundamental da persoa, o dereito á folga. O exercicio deste dereito queda condicionado ao mantemento dos servizos esenciais definidos no artigo 2 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño (DOG núm. 116, do 20 de xuño).

A Confederación Intersindical Galega (CIG), a Central Unitaria de Traballadores (CUT), o Sindicato Labrego Galego, o Sindicato Ferroviario-Intersindical, a Confederación Nacional do Traballo (CNT), o Sindicato Nacional de Comisións Obreiras en Galicia (CC.OO.), a Unión Xeral de Traballadores Galicia (UGT), a Confederación Intersindical (CI), o Sindicato Comisións de Base (CO.BAS), a Confederación Xeral de Traballo (CGT), a Alternativa Sindical de Trabajadores (AST), a Unión Sindical Obrera (USO) e o Sindicato de Traballadores e Traballadoras do Ensino (STEG) comunicaron diversas convocatorias de folga xeral con diversos tramos horarios para o día 8 de marzo de 2018, e que afectará todas as actividades e centros de traballo, tanto empresas privadas como do sector público, con vínculo funcional, estatuario ou laboral, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia ou na Administración exterior, e que se desenvolverá desde as 00.00 horas do 8 de marzo ata as 24.00 do mesmo día.

Non obstante, naquelas empresas, administracións e organismos que teñan varias quendas de traballo, o comezo da folga efectuarase na primeira quenda, aínda que empece antes das 00.00 horas do día 8 de marzo, e a súa finalización terá lugar unha vez rematada a última quenda, aínda que se prolongue despois das 24.00 horas do día 8 de marzo. Así mesmo, naquelas empresas, administracións e organismos que teñan unha única quenda de traballo pero que comence antes das 00.00 horas do día 8 de marzo, o paro iniciarase á hora de comezo da actividade laboral e finalizará o día 8 de marzo na hora en que conclúa esta.

Así pois, a necesaria conciliación entre o exercicio do dereito constitucional de folga e o mantemento dos servizos esenciais obriga a esta Administración autonómica galega, de



acordo coa normativa vixente, a fixar uns servizos mínimos indispensables para o funcionamento dos servizos esenciais, que se concretan neste decreto.

Desta forma, establecéncense servizos mínimos respecto dos sectores e actividades cuxa regulación é competencia dalgunha das consellerías da Xunta de Galicia e que poden afectar o desenvolvemento ordinario da actividade cidadá, no sentido do artigo 2 do Decreto 155/1988, do 9 de xuño, é dicir, sanidade, seguridade, protección civil, transportes e comunicacións, medios de comunicación social, rexistros públicos, edificios, bens e instalacións públicas, asistencia social e educación, servizos de vixilancia e extinción de incendios e bombeiros.

Os criterios determinantes para a fixación dos servizos mínimos establecidos no presente decreto tiveron en conta os distintos pronunciamentos do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en relación cos servizos esenciais fixados nas xornadas das anteriores folgas do 8 de xuño de 2010, do 29 de setembro de 2010, do 27 de xaneiro de 2011, fo 29 de marzo de 2012 e do 14 de novembro de 2012.

Aínda que é certo que o dito tribunal ditou sentenzas que anulaban as normas polas que se establecían os referidos servizos mínimos, non é menos certo que as ditas sentenzas viñeron motivadas polo déficit de expresión da ponderación dos factores e criterios tidos en conta para a súa fixación, considerando insuficiente a motivación na determinación das prestacións mínimas garantidas.

Por todo isto, no caso concreto e tendo en conta os pronunciamentos anteriores, pretendense dar a coñecer más xustificadamente, se cabe, os criterios en virtude dos cales se procedeu a identificar os servizos mínimos como esenciais e a determinar os efectivos necesarios para aseguralos á luz da presente convocatoria de folga. Todo isto observando a necesaria proporción entre o sacrificio para o dereito dos traballadores e os bens e intereses que se teñen que salvagardar.

Os servizos mínimos que cómpre fixar para o período de folga convocado non poderán exceder, en cada centro, departamento ou oficina, o número de persoas que normalmente permanecen neles con ocasión dun domingo ou día festivo, salvo que se trate de órganos que tales días permanezan pechados, caso en que se terá que atender ás quendas establecidas para os sábados. Este criterio pode ser incorporado e tido en conta en ámbitos concretos de actividade á hora de garantir os servizos esenciais para o vindeiro 8 de marzo, tal e como se particulariza e xustifica en relación cos servizos fixados a través desta norma reguladora.



Tense en conta, igualmente, o feito de que a folga se desenvolverá únicamente durante un período dun día, coas matizácións correspondentes ás quendas de traballo que comecen antes das 00.00 horas e rematen despois das 24.00 horas.

O presidente da Xunta de Galicia mantén a súa actividade con continuidade durante todos os días da semana, para o que conta co apoio, nos domingos e festivos, dun/dunha secretario/a en réxime eventual e dun/dunha conductor/a, así como do/da porteiro/a maior en réxime de dispoñibilidade horaria, de acordo cos requisitos do posto, tal como se recolle na vixente relación de postos de traballo dos órganos superiores da Presidencia.

Pola súa parte, no Centro Galego de Tecnificación Deportiva encóntranse diariamente 84 deportistas residentes menores de idade e baixo a responsabilidade directa da Xunta de Galicia, e entre as súas obrigas con eles/elas está dárvelles o almorzo, o xantar, a cea e o coidado durante a súa pernoita. Xunto a estes/as deportistas, tamén comen no CGTD 70 deportistas externos e 14 adestradores/as.

A atención indispensable que é debida a estes/estas residentes menores de idade xustifica plenamente os servizos mínimos necesarios para o mantemento das instalacións operativas e accesibles aos/ás menores residentes, a preparación do almorzo, xantar e cea e o coidado dos/das menores polo menos fóra do horario de clase.

As Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A. garanten a atención de emisores e reemisores para conseguir a cobertura do sinal de comunicación audiovisual, a continuidade da rede de emergencias e a conectividade da Xunta de Galicia. A inclusión de catro técnicos/as no CEXAR obedece ao horario da xornada de folga. Así as cousas, comezando esta ás 00.00 horas, inclúese o persoal que inicia a súa xornada o día 7 de marzo ás 22.30 horas.

O Centro Superior de Hostalaría de Galicia (CSHG), integrado como Área na Dirección de Profesionalización da Axencia Turismo de Galicia, é un centro de ensino superior que forma directivos/as hostaleiros/as e xestores/as en cociña e imparte dúas titulacións: o diploma superior en Xestión Hoteleira e o diploma de Gastronomía e Xestión en Cociña. O CSHG ofrece residencia aos/ás seus/súas alumnos/as, contando neste curso 2017/18 cun total de 50 alumnos/as que residen no centro. Os centros residenciais docentes teñen como característica propia a presenza do alumnado fóra do horario lectivo, para realizar actos da vida cotiá que o resto fai no seu domicilio particular, como estudar, durmir ou comer. Nestes centros debe quedar garantida, xa que logo, a atención mínima para que estas actividades non se vexan alteradas con risco ou desatención para os/as usuarios/as.



do servizo, polo que se require a presenza mínima do persoal de conserxaría para atender as instalacións e o alumnado. A proposta que se formula respecta o criterio de fixar como servizos mínimos os que normalmente prestan con ocasión dun domingo ou día festivo.

En relación cos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, a Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, fai referencia na súa exposición de motivos ás actividades de prestación do servizo público de comunicación audiovisual, así como ao cumprimento dos obxectivos ligados á función de servizo público. Neste senso, o artigo 4, sobre a actividade de comunicación audiovisual da Corporación RTVG, di que se inspirará nos seguintes principios: a) O respecto e a defensa dos principios que informan a Constitución española (entre eles o dereito á folga) e o Estatuto de autonomía de Galicia e os dereitos e liberdades que neles se recoñecen e garanten (...) h) A obxectividade, imparcialidade, veracidade e neutralidade informativa, así como o respecto á liberdade de expresión e á formación dunha opinión pública plural (...) j) A garantía da máxima continuidade na prestación do servizo e a plena cobertura do conxunto do territorio. E remata o punto 4.2 establecendo que «a Corporación RTVG deberá cumplir coa misión de servizo público de comunicación audiovisual que lle sexa encomendada, e a súa programación inspirarase nos principios definidos na alínea precedente».

Cómpre engadir, ademais, que a CRTVG ten a obriga de emitir os comunicados oficiais necesarios para o interese público, e debe proporcionar a través daqueles mínimos unha dispoñibilidade no servizo que faga viable a continuidade da emisión e os efectivos imprescindibles que fagan posible a inmediata difusión.

Durante moitos anos, a xurisprudencia sobre o tema que nos ocupa foi matizando en diferentes sentenzas cal debe ser o concepto de “servizos mínimos”, para que en todo momento o interese xeral da comunidade poida harmonizarse adecuadamente co derecho irrenunciable dos/das traballadores/as a facer folga e co derecho fundamental das persoas á información, de maneira que se permita ao maior número posible destes/as o exercicio do dito derecho sen que prexudique desproporcionadamente a comunidade, conforme sinalan as sentenzas do Tribunal Constitucional 11/1981, do 8 de abril, e, en especial, a do 15 de marzo de 1990. Para tal efecto, garántense os servizos mínimos indispensables, nas inescusables condicións de seguridade e cos traballadores estritamente precisos, na medida en que a índole do seu labor o permita, pero ofrecendo unha garantía das gravacións e rexistros de emergencia, así como o mantemento ante emergencias que poidan xurdir nos equipamentos técnicos ou en circunstancias de última hora, como poden ser accidentes de tráfico, incidencias co desenvolvemento da folga ou outros acontecementos imprevistos,



e sempre pensando no interese xeral da comunidade que neste caso esperta unha folga xeral a nivel estatal.

Así as cousas, ante o anuncio dunha folga que afecta o persoal da CRTVG, faise precisa a adopción das medidas procedentes para asegurar o mantemento do servizo público esencial de interese económico xeral dos medios audiovisuais públicos galegos.

Co fin de compatibilizar, dunha parte, o mantemento dos aludidos servizos, e, doutra, a mínima limitación posible do dereito de folga, de tal forma que queden salvagardados, ao mesmo tempo e dentro do posible, o interese xeral da comunidade, que se atopa implícito na consideración legal destes servizos como “esenciais”, e o dereito fundamental de folga de que son titulares os traballadores, é preciso tomar en consideración as seguintes circunstancias, valoradas ao establecer as medidas a que se refire o presente decreto:

1. O carácter esencial que revisten os servizos públicos de televisión e radio de titularidade autonómica, non soamente por determinación expresa do lexislador senón tamén pola súa incidencia no exercicio dos dereitos fundamentais a comunicar e recibir libremente información veraz por calquera medio de difusión, consagrados polo artigo 20.1.d) da Constitución española (circunstancia da cal, igualmente, derivaría o seu carácter de servizos públicos esenciais, aínda sen necesidade de declaración legal expresa, de acordo coa doutrina do Tribunal Constitucional reflectida nas sentenzas 26/1981, do 17 de xullo, e 51/1986, do 24 de abril).

2. A procedencia de precisar, dentro da total extensión da prestación destes servizos públicos esenciais e aplicando un criterio o máis estrito posible, aqueles aspectos cuxo mantemento debe considerarse indispensable (coa finalidade de asegurar a satisfacción do interese público afectado), e aqueloutros outros que poden quedar suspendidos temporalmente como consecuencia da folga, sen grave mingua do interese xeral da comunidade.

En consecuencia, estímase indispensable asegurar a producción e emisión dos espazos informativos necesarios que garantan a cobertura mínima que o dereito á información consagrado no artigo 20 da Constitución require, garantindo a continuidade das emisións televisivas e de radio no seu horario habitual.

A maior abastanza, e tendo en conta que estamos nunha situación de folga xeral que afecta todo o país, o servizo de interese xeral que deben ofrecer a radio e a televisión públicas debe complementar e suplementar as posibles carencias informativas doutras televisións e radios que informan na nosa Comunidade Autónoma, ás cales tamén afecta



a convocatoria da folga xeral e que, se é secundada polos/as seus/súas traballadores/as, poderían chegar a non emitir.

Así pois, esta motivación, que supón o establecemento destes servizos esenciais, atende ás concretas circunstancias concorrentes, é dicir, ao ámbito territorial, temporal e persoal da folga convocada, á determinación das prestacións esenciais que non deben ser interrompidas e ás previsións técnicas que, no caso particular que nos atinxe, establezan aquelas prestacións esenciais e cantas persoas deben atendelas.

Os medios audiovisuais públicos de Galicia teñen carácter de servizo esencial, de maneira que os programas emitidos que afectan bens constitucionalmente protexidos deben ter tal consideración.

En definitiva, o obxectivo esencial é garantir a prestación dos servizos esenciais para a comunidade e, pola súa vez, lograr que o maior número de traballadores/as poida exercer o seu dereito á folga. Neste senso, fixarase como cadre de persoal mínimo para garantir os servizos esenciais únicamente o formado polo persoal imprescindible e necesario para desenvolver a actividade básica que cubra o interese xeral que suscita o seguimento dunha folga xeral, de acordo cos seguintes criterios:

– Servizo de medios de producción: persoal mínimo necesario para os labores de producción, realización, posproducción, montaxe, iluminación, son, maquillaxe, grafismo, cámaras... imprescindible para os informativos de radio e televisión.

– Emisións, retransmisións e continuidade: persoal mínimo necesario para garantir a emisión e para atender as necesidades de xestións de circuitos de vídeo e audio que solicite Informativos de TVG e para manter o control da emisión.

– Información e documentación: persoal mínimo necesario para a elaboración de contidos informativos que constitúen os servizos esenciais informativos, moi reducidos con respecto á emisión dun día normal. E o persoal mínimo necesario para a utilización de imaxes de arquivo, fundamentais para a elaboración dos informativos.

– Servizos xerais: persoal mínimo necesario para atender posibles avarías na rede eléctrica ou nas propias instalacións da CRTVG que poidan impedir o correcto funcionamento de todos os servizos ou incluso poidan ocasionar danos persoais aos/ás traballadores/as.



– Área de soporte tecnolóxico: persoal mínimo necesario para garantir o funcionamento dos equipamentos técnicos básicos, a continuidade na emisión dos programas informativos e para o mantemento e correcto funcionamiento de toda a rede e os programas informáticos indispensables para o óptimo funcionamento de todos os servizos informativos e técnicos de radio e televisión.

No ámbito da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza cómpre a fixación de servizos mínimos no funcionamento dos rexistros administrativos, tanto nos servizos centrais como nos servizos periféricos, garantindo as actuacións da cidadanía cuxo incumprimento pode supor a perda ou prexuízo dos seus dereitos. Considerase, así mesmo, esencial o mantemento dos edificios administrativos co obxecto de garantir o correcto funcionamento das súas instalacións nas posibles situacións de emergencia que puideren acontecer.

Posto que a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior presta servizo ao Centro de Atención ás Emerxencias 112, os mínimos propostos establecense coa mesma intensidade ca un domingo ou festivo.

Na Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa permanecerán 2 auxiliares administrativos/as para efectos da captura dos datos de seguimento da folga.

No ámbito da Administración de xustiza, aplicaranse os mesmos establecidos pola Orde da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 5 de febreiro de 2018, pola que se determinan os servizos mínimos dirixidos a garantir os servizos esenciais ante a convocatoria de folga indefinida a partir do día 7 de febreiro de 2018 nos centros de traballo da Administración de xustiza de Galicia (DOG núm. 26, do 6 de febreiro).

O número de traballadores/as e equipos operativos do Centro de Atención ás Emerxencias 112 que se establece como servizos mínimos, dadas as características do servizo dispensado polo Centro de Atención ás Emerxencias-112 de Galicia, resulta imprescindible para manter a axeitada cobertura na atención das emerxencias e para evitar que se produzcan graves prexuízos á cidadanía.

O 112 funciona as 24 horas do día, 7 días á semana e os 365 días do ano. A carga de traballo ao longo dunha xornada vén determinada, en primeiro lugar, polo número de chamadas que se produzan, e que dependen dunha serie de emerxencias, accidentes, situacións ou necesidades ante as cales o servizo debe estar suficientemente dimensio-



nado e preparado para darriles resposta e solución. As emerxencias son, por definición, imprevisibles no seu desenvolvemento e efectos, polo que o servizo debe estar preparado para atendelas.

A resposta aos requirimentos da cidadanía debe ser moi rápida, posto que o tempo resulta fundamental. Para a persoa que realiza a chamada ao 112 nunha situación de emerxencia é esencial unha inmediata resposta. A xestión da chamada coa necesaria celeridade pode salvar vidas que se atopan en situacións de risco.

Por canto antecede, e atendido o carácter esencial deste servizo público, establecense os seguintes servizos mínimos, determinados en función das diversas categorías en cada quenda de traballo, posto que as funcións e traballo que cada unha leva a cabo, pola súa especialidade, non é substituíble ou intercambiable por outra, neste senso cómpre salientar que:

– O/a coordinador/a ten por finalidade o control da correcta xestión telefónica por parte da área de operación do CAE 112. Supervisa e asesora os/as operadores/as se a emerxencia é de certa entidade e, en atención á súa cualificación, leva a cabo a coordinación, supervisión e seguimento directo da actividade dos/das operadores/as, aos/ás cales presta o seu asesoramento cando a situación o require. Deste xeito, non contar con esta figura dificultaría o correcto desenvolvemento do servizo e afectaría o labor dos/das operadores/as, que non poderían tomar determinadas decisións ante unha emerxencia nas debidas condicións de rapidez e eficacia. O/a coordinador/a realiza unha función que non é residenciable noutra categoría profesional.

– Os/as operadores/as de enlace son persoal cualificado ao cal lle corresponde recibir as chamadas dos/das xefes/as dos servizos de emerxencias e demais organismos e autoridades públicas para coordinar actuacións, evitando que estas chamadas pasen ao resto de operadores/as que están recibindo as chamadas da cidadanía. A iso súmase que lle corresponde dar soporte na activación de plans e facer tamén o seguimento dos fenómenos meteorolóxicos adversos e da documentación precisa para o envío das distintas alertas ou avisos. Esta función non pode ser desempeñada por ningún outro operador/a.

– Os/as operadores/as de atención telefónica. A súa función consiste na recepción das chamadas de emerxencia ou de urxencia, a recollida dos datos precisos, a tipificación das incidencias e a súa transmisión aos organismos implicados na mobilización de recursos. Son os/as operadores/as os que, a través da aplicación de xestión de emerxencias, teñen que conseguir xestionar no menor tempo posible unha situación de emerxencia, desde a



chamada inicial. De non contar co suficiente persoal desta categoría, poríase en risco o funcionamento do servizo. Se non existen operadores/as telefónicos/as suficientes, o servizo prestado polo 112 carecería do elo primeiro e fundamental da cadea. Sería imposible funcionar segundo os estándares mínimos de rapidez e eficacia exixibles nun centro desta natureza cun dimensionamento inferior ao establecido, atendendo ao número de diario de chamadas que, de media, se reciben no número 112.

– O persoal de estrutura e fundamental na prestación do servizo, posto que, entre outras funcións, lle corresponde a importante tarefa de establecer o dimensionamento da sala do 112, solicitando a incorporación de calquera das outras categorías cando a emerxencia así o requira. É o persoal que conta coa formación e experiencia para o desempeño das ditas funcións.

– O persoal de soporte técnico está formado e especializado, e resulta fundamental a súa presenza para solventar calquera incidencia, avaría ou eventualidade de tipo técnico que poida xurdir. Debido á especificidade e criticidade dun centro como o CIAE 112 e ás características da plataforma de xestión de emerxencias, é necesario contar cunha dotación suficiente de persoal de soporte técnico para poder asumir, coa garantía requirida, o nivel de soporte adecuado.

No ámbito da Consellería de Facenda, no Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec), címpre poder solucionar posibles incidencias técnicas co suficiente grao de eficacia permitindo o mantemento básico dos servizos, polo que se fixa como servizos mínimos un/unha analista-programador/a.

No marco das competencias atribuídas á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en materia de xestión de residuos, cómpre a fixación de servizos mínimos na Sociedade Galega de Medio Ambiente, empresa que ten encomendada a xestión dos residuos sólidos urbanos a partir do seu depósito nas estacións de transferencia ou plantas de tratamento, conforme sinala o artigo 10 da Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, xa que a parada das instalacións centrais de Sogama (motores, caldeiras e turbinas) e plantas de transferencia, en caso de non se fixaren servizos mínimos, imposibilitarían directamente a prestación dos servizos esenciais, o que ocasionaría graves consecuencias ambientais e de saúde pública, e desde a base de que estes servizos mínimos afectan o menor persoal que o que estaría operativo en sábados, domingos ou festivos.

Por outra banda, no que se refire ao ámbito da calidade ambiental e cambio climático, considérase imprescindible a presenza duns servizos mínimos que garantan a realización



das funcións inherentes á inspección ambiental para asegurar a prestación dos servizos esenciais competencia da Comunidade Autónoma nesta materia durante o período de folla, así como co fin de poder atender a inspeccións urxentes ou imprevistas.

No ámbito de competencias da conservación da natureza, cómpre a fixación duns servizos mínimos que garantan o adecuado desenvolvemento da xestión dos recursos naturais e cinexéticos, considerando indispensable a presenza de persoal dos espazos naturais protexidos e da biodiversidade, dada a especial protección que requiren tanto os bens como os recursos naturais existentes nestes espazos. Así mesmo, tamén se tiveron en conta as necesidades mínimas de funcionamento, sen colapso, dos centros de recuperación da fauna salvaxe, piscifactorías e demais centros de fauna.

Constitúe esta proposta o persoal mínimo para poder cubrir as continxencias que poidan acontecer en cada distrito, parque natural e nos centros de traballo da dirección xeral que, polas súas características especiais, precisen dunha atención instantánea.

No ámbito concreto do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia cómpre fixar uns servizos mínimos que poidan atender unha eventual situación de urxencia nas illas, tendo en conta que son catro arquipélagos (Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada).

No marco das competencias atribuídas á Consellería de Infraestruturas e Vivenda no sector do transporte, cómpre distinguir:

A) Servizos públicos de transporte regular de viaxeiros de uso xeral por estrada:

Neste tipo de servizos cómpre ter en consideración que a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, previu a integración de diferentes tipos de servizos da competencia da Xunta de Galicia.

No marco desta previsión legal, a Xunta de Galicia procedeu, nunha primeira fase da planificación do sistema de transporte público, a un primeiro paso na integración da prestación do servizo de transporte de escolares no sistema de transporte público de uso xeral. Xa que logo, este último sistema dá servizo actualmente a un elevado número de escolares nos seus desprazamentos habituais para acceder aos seus centros educativos e, por tanto, ao dereito á educación.

Por tal motivo, establecése unha regulación dos servizos mínimos dos servizos públicos de transporte regular de uso xeral de viaxeiros/as por estrada que diferencia, por unha par-



te, os servizos correspondentes a expedicións «integradas», nas cales existe unha reserva de prazas a favor de escolares, e que, consonte coa citada Lei 2/2017, do 8 de febreiro, a súa prestación se considera prioritaria.

Por outra parte, respecto do resto de expedicións, cómpre incidir especialmente na mobilidade que se produce cara aos principais centros urbanos, nos cales se localizan servizos esenciais aos cales cómpre garantir o dereito a acceder por parte das persoas usuarias, e cara aos que se presentan pautas de mobilidade cotiá recorrente en transporte público, vinculada co desenvolvemento ordinario das persoas. Neste sentido, diferenciase a mobilidade que ten como orixe e/ou destino algunha das sete principais cidades galegas, tanto en servizos de curto percorrido, normalmente vinculados coa mobilidade más recorrente, como en servizos de máis longo percorrido, vinculados cunha mobilidade dirixida fundamentalmente a acceder a servizos xerais radicados nas ditas entidades de poboación.

Deste xeito, nas expedicións de curto percorrido, de ata 25 km, manterase ata un 50 % do servizo nas franxas horarias da primeira e última hora do día (das 6.00 ás 9.00 e das 18.00 ás 21.00 horas), co que se garante a posibilidade de acceder e retornar aos centros de traballo ou de educación, entre outros, aínda que as persoas usuarias poderían ter que adaptar as súas pautas habituais de mobilidade.

En canto ás expedicións de máis longo percorrido, garantirse con elas o acceso aos principais núcleos de poboación, ben na xornada de mañá ben na de tarde, mais limitando a súa prestación a un servizo de ida e volta antes das 14.00 horas e outro despois das 18.00 horas, o que fai un total de 2 servizos diarios de ida e outros tantos de volta.

Deste xeito, o total de servizos que se establecen, con criterios equivalentes aos doutras situacións anteriores, sitúanse entre os que deberían prestarse un sábado ou domingo, sen prexuízo de resaltar que, excluíndo do cómputo os servizos integrados, o resto de servizos que se establecen non alcanzaría o 50 % dos que se prestan en domingo ou festivo, nin o 35 % dos que teñen lugar en sábado.

B) Servizos regulares de uso especial para transporte de escolares: o campo destes servizos resulta especialmente sensible, tanto por ser o transporte un mecanismo auxiliar para o exercicio dun dereito fundamental como é o da educación como polas especiais exixencias que implica a protección aos menores.



Do mesmo xeito, a dispersión poboacional en Galicia determina que, diariamente, se teña que realizar unha significativa cantidade de desprazamentos para os que non existe alternativa real de mobilidade, polo que o mantemento dos servizos de transporte público resulta fundamental.

Coa finalidade de, garantindo o esencial dereito á folga dos traballadores e traballadoras, manter a garantía do igualmente elemental dereito de acceso ao sistema educativo, deberán manterse aqueles servizos sen os que se presentaría unha clara dificultade para o acceso ao sistema educativo.

C) Servizos regulares de uso especial para transporte de traballadores: co fin de garantir o acceso e a saída dos postos de traballo naqueles servizos de carácter interurbano en que a ausencia dunha previsión mínima crebaría toda posibilidade de acceso ao traballo, propónense como mínimos todos os servizos nas expedicións anteriores ás 9.00 horas e posteriores ás 18.00 horas.

D) Transporte de mercadorías: neste ámbito debe terse en conta a dependencia que deste tipo de transporte teñen os servizos de asistencia sanitaria, que non poden afrontar unha falta de subministración suficiente dos produtos precisos para a atención á cidadanía.

En consecuencia, proponse manter a totalidade dos transportes de toda clase de mercadorías para e desde os establecementos sanitarios.

E) Transporte funerario: polas necesidades sociais inaprazables que atende esta modalidade de transporte, proponse manter a totalidade dos servizos de transporte funerario.

No ámbito da materia de infraestruturas viarias, a Comunidade galega caracterízase pola dispersión da súa poboación e pola existencia de innumerables asentamentos de poboación (máis de 30.000 entidades de poboación no conxunto dos 313 municipios galegos) distribuídos nun territorio caracterizado pola súa difusión xeográfica e atendidos por unha extensa rede de infraestruturas de diversa escala.

Garantir a súa utilización polos cidadáns en condicións de normalidade exixe, por un lado, manter as estradas nunhas condicións mínimas que garantan o funcionamento das infraestruturas coas debidas condicións de seguridade para os seus usuarios, e doutro, permitir a súa utilización de acordo cos principios de igualdade, universalidade e non discriminación, posibilitando, deste xeito, a liberdade de circulación, e, xunto esta, o acceso



ao exercicio doutros dereitos fundamentais, como o acceso aos servizos de saúde ou a liberdade de elección entre o exercicio ao dereito de folga e o dereito ao traballo.

Neste marco, é nas vías de alta capacidade en réxime de concesión e naquelas cuxa contraprestación sexa o pagamento dunha tarifa por parte da Administración onde debe prestarse o servizo nunhas condicións mínimas que garantan o funcionamento das infraestruturas coas debidas condicións de seguridade. Considérase indispensable a presenza de persoal nos centros de control, así como a existencia de persoal que actuará cando se prevexan circunstancias adversas de calquera tipo: emerxencias ou situacións excepcionais derivadas de accidentes, posibilidade de obstáculos na estrada ou desprendementos, presenza de animais na vía, circulación de vehículos con cargas perigosas, fenómenos meteorolóxicos (neve, xeo, sarabia, chuvia etc.).

Pola súa banda, e ao respecto da conservación ordinaria das estradas de titularidade autonómica que non se xestionen baixo o réxime de concesión, por parte das empresas adxudicatarias dos contratos de servizo para a realización da vialidade invernal e da conservación ordinaria tamén se considera indispensable a existencia de persoal que actuará cando se prevexan circunstancias adversas de calquera tipo: emerxencias ou situacións excepcionais derivadas de accidentes, posibilidade de obstáculos na estrada ou desprendementos, presenza de animais na vía, circulación de vehículos con cargas perigosas, fenómenos meteorolóxicos (xeo, sarabia, chuvia, etc.). Ademais, dado que está operativo o dispositivo para garantir a vialidade nas estradas autonómicas en circunstancias meteorolóxicas adversas propias do inverno, considérase en calquera caso indispensable a presenza do persoal necesario para a realización da vialidade invernal.

En ambos os casos, tanto as empresas concesionarias como as empresas adxudicatarias de servizo en vías explotadas pola Administración atenderán as necesidades, establecendo as medidas preventivas e correctivas, e a transmisión de información sobre elas, adoptando para iso as medidas precisas para atender axeitadamente as incidencias acaecidas durante as horas en que teña lugar a folga convocada.

Así mesmo, considérase necesario que nas áreas de peaxe das autoestradas A Coruña-Carballo (AG-55) e Puxeiros-Val Miñor (AG-57) nas cales non existen vías automáticas (Paiosaco e A Laracha na AG-55 e Vincios ramal na AG-57) permaneza operativa unha vía manual dado que, doutra forma, se impediría a circulación de vehículos por eses treitos.

No ámbito da Consellería de Economía, Emprego e Industria tómase en consideración, para determinar os servizos mínimos, a necesidade da presenza efectiva que garanta, por



un lado, a defensa dos intereses e dereitos das persoas consumidoras e usuarias na posta de manifesto de situación que poidan representar un risco para a seguridade ou a saúde colectiva, e, por outro, a seguridade e saúde laboral do persoal empregado no ámbito da prevención de riscos laborais.

No ámbito da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, polo que se refire ao servizo esencial da educación, este non pode ser reducido exclusivamente á actividade docente, xa que, xunto a esta actividade, se realizan outras funcións como son a vixilancia e coidado dos nenos e nenas, menores de idade, que acoden aos centros docentes públicos, así como o coidado, mantemento e vixilancia das instalacións destinadas ao servizo público educativo.

Con carácter xeral, o artigo 39 da Constitución depara unha protección especial aos menores; dun xeito máis específico, a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa (DOG do 15 de xullo), dispón no seu artigo 7 que o alumnado ten dereito a que se respeite a súa identidade, integridade e dignidade persoal, e á protección integral contra toda agresión física e moral. Por tanto, a custodia e seguridade dos menores de idade que accedan a un centro docente, o cumprimento dos principios constitucionais mencionados e dos dereitos citados é responsabilidade ineludible desta Administración educativa e parte indivisible do dereito esencial á educación.

O dereito á seguridade e o correlativo deber de protección dos menores, dada a súa entidade, debe exercerse continuamente. Como servizo mínimo para garantilos establecese que os centros docentes permanezan abertos no seu horario habitual, coa necesaria presenza nos ditos centros do/da director/a, ou, de ser o caso, doutro membro do equipo directivo que o/a substitúa, xa que tales membros do equipo directivo teñen a representación do centro e garanten o cumprimento das leis e demais disposicións vixentes, como sinalan as alíneas a) e d) do artigo 132 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, publicada no BOE do 4 de maio, e, por tanto, están capacitados e facultados para resolver calquera incidencia respecto da seguridade dos menores de idade. Así mesmo, consonte a normativa citada, o director tamén está facultado e capacitado para resolver calquera incidencia que se poida producir respecto do conxunto dos bens que integran un centro docente.

A presenza dun subalterno ou subalterna deriva das funcións que a este tipo de persoal compete respecto do coidado e vixilancia das instalacións e do control de entrada e saída do centro educativo, tanto para evitar a entrada de persoas alleas ao centro como para evitar a saída dos menores de idades cando non corresponda.



Dentro do deber de outorgar protección básica ao menor de idade debemos incluir a súa alimentación, así, cando un servizo público asume esta responsabilidade, non pode desatendela, o que motiva que unha persoa con funcións de cociña deba permanecer nos centros educativos ordinarios con servizo de comedor.

O dereito á seguridade e o correlativo deber de protección dos/das menores que, como se dixo, non pode ser paralizado, inclúe a actividade básica de coidar a integridade física e hixiene daqueles/as que por ter diminuídas as súas capacidades necesitan unha constante vixilancia e atención (artigo 49 da Constitución) por parte de coidadores/as de alumnado con necesidades educativas especiais presentes nos centros docentes ordinarios. O alumnado dos centros de educación especial ten unhas necesidades relativas á súa atención áinda más reforzadas, polo que debe haber unha presenza mínima de persoal sanitario, persoal coidador, de comedores e de limpeza. A determinación dos anteditos servizos mínimos por porcentaxes nos centros de educación especial considérase como criterio máis apropiado para a fixación do persoal que debe prestarlos, dada a diversidade existente na dimensión e tamaño dos diferentes centros desa tipoloxía que hai na nosa comunidade.

Os centros residenciais docentes teñen como característica propia a presenza do alumnado fóra do horario lectivo, para realizar actos da vida cotiá que o resto fai no seu domicilio particular, como estudar, durmir ou comer. Nestes centros debe quedar garantida, xa que logo, a atención mínima para que esas actividades non se poidan ver alteradas con risco ou desatención para os usuarios do servizo; trátase de garantir minimamente a hixiene, a alimentación e a seguridade, razón pola cal resulta necesaria a presenza dun membro do equipo directivo, así como de parte do persoal de limpeza, de comedor e subalternos.

Polo que se refire ás universidades, cos servizos mínimos que se fixan garántase a asistencia do alumnado e do persoal que non exerza o seu derecho á folga. A presenza mínima do persoal de conserxaría resulta precisa para a seguridade das instalacións. O persoal previsto para os rexistros busca garantir a actuación das persoas que puidesen necesitalo e cuxo incumprimento poida supor perda ou prexuízo nos seus dereitos.

No eido da Consellería de Sanidade os servizos mínimos que se establecen resultan totalmente necesarios para manter a adecuada cobertura dos servizos esenciais que presta a Consellería de Sanidade, evitando que se produzcan graves prexuízos para a saúde da cidadanía e permitindo cumplir coa normativa vixente.

Estes servizos mínimos responden á necesidade de compatibilizar o respecto ineludible ao exercicio do derecho á folga co mantemento dunha serie de servizos á poboación que,



baixo ningún concepto, poden quedar desasistidos, xa que se realizan no eido da protección da saúde, cun carácter marcadamente preventivo, e deberán ser prestados tendo en conta as obrigas que o marco normativo vixente, no contexto europeo, nacional ou autonómico, establece en materia ambiental e alimentaria co obxectivo de protexer a saúde da cidadanía. No ámbito sanitario, os servizos deben garantir o cumprimento das normas esenciais para asegurar o control de calquera incidencia que se poida producir nos establecementos e servizos de sanidade ambiental ou alimentaria.

En canto aos/ás inspectores/as veterinarios/as oficiais de saúde pública de comarca, cubriranse as necesidades urxentes ou de perentoria necesidade, entre as cales se encuentran alertas nivel I, intoxicacións alimentarias, abrochos e actuacións especiais en establecementos e servizos no marco das competencias da Consellería de Sanidade.

Os/as inspectores/as veterinarios/as de saúde pública de matadoiro cubrirán as situacións especiais derivadas das urxencias que se poidan producir, entre as cales se atopan as de benestar animal, as de desabastecemento que se poidan producir por festividades locais, no día anterior ou posterior ao día da folga, e outras de semellante natureza.

Os/as inspectores/as veterinarios/as de saúde pública de lonxa asegurarán a calidade sanitaria dos produtos que son obxecto de inspección.

Os/as inspectores/as farmaceúticos/as de saúde pública cubrirán as necesidades urxentes ou de perentoria necesidade, entre as cales se encuentran alertas, casos illados de lexionela, abrochos e actuacións especiais en establecementos e servizos no marco das súas competencias.

No ámbito da Consellería de Política Social, tómase en consideración para a determinación dos servizos mínimos a necesidade da presenza efectiva que garanta o funcionamento dos centros, tendo como referencia para os centros asistenciais o número de efectivos presentes nun domingo ou nun día festivo. Estes servizos mínimos fixados no ámbito dos servizos sociais consideranse imprescindibles para garantir unha atención adecuada ás persoas residentes ou usuarias destes centros, máxime cando é necesario dar unha resposta inmediata ás diferentes situacións de emergencia social.

No que respecta á Consellería do Medio Rural e debido á época de baixo risco de incendio en que nos atopamos, redúcense os servizos mínimos fixando únicamente como imprescindible o persoal previsto para un domingo ou festivo, no dispositivo de prevención e extinción de incendios. O dito dispositivo comprende tanto os servizos prestados nos



centros de coordinación central e nos catro centros de coordinación provincial de cada unha das catro provincias como os servizos prestados en cada un dos dezanove distritos forestais.

En todos os centros de formación da dita Consellería do Medio Rural se designa un efectivo para a apertura dos centros que imparten formación regada. Naqueles centros que, polo seu carácter, teñen gando ao seu coidado, para non desatendelo, designase o persoal necesario para o mantemento de cultivos e gando, manténdose así os servizos dun domingo.

Así mesmo, no caso dos centros de formación de Sergude e Lourizán, que teñen réxime de internado, designanse os servizos que permiten atender minimamente os seus usuarios e que se prestan en domingo, polo que se establece un cociñeiro de 1ª.

En relación cos centros de investigación, naqueles centros que, polo seu carácter, teñen gando ao seu coidado, para non desatendelo, designase o persoal necesario para o mantemento de cultivos e gando; desta forma mantéñense así os servizos dun domingo.

Os servizos fixados na Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias permitirán asegurar a sanidade animal.

Respecto da Consellería do Mar, nos centros educativos con alumnos/as en réxime de internado é preciso un mínimo de persoal que manteña a atención que se debe prestar aos/as residentes.

Os dous centros de ensino dependentes desta consellería nos cales se propón fixar servizos mínimos, o IPMP de Vigo e a EONP de Ferrol, os sábados, domingos e festivos permanecen pechados. Existe un servizo de vixilancia exclusivamente de dúas horas os domingos e os festivos que son vésperas de días lectivos, que teñen como misión abrir o centro e permanecer nel mentres non empeza a quenda do educador/a.

Os centros e o servizo de comedor pechan os fins de semana e festivos.

Os/as educadores/as (persoal laboral) desenvolven o seu traballo de luns a venres en horario de mañá, tarde e noite. En ausencia dun servizo de vixilancia faise necesario que ao menos un/unha educador/a estea presente de maneira permanente para control e servizo dos alumnos residentes.



A vixilancia pesqueira non só é necesaria para manter o control do sector, coa finalidade de ofrecer unha efectiva protección dos recursos mariños, senón que tamén colabora en tarefas e actuacións de salvamento e rescate marítimo cando as necesidades así o exixen.

Ademais, os servizos mínimos deben cubrir de xeito efectivo a área de busca e salvamento marítimo e loita contra a contaminación do mar en Galicia, dada a imposibilidade de que tal servizo quede desatendido, pola transcendencia que esta actividade ten no salvamento de vidas e protección e prevención de contaminacións mariñas.

O Servizo de Gardacostas de Galicia non ten establecidos uns servizos ordinarios regulares dun sábado e domingo. Non obstante, as emerxencias, de producirse, son atendidas en cada base operativa por unha tripulación por embarcación, composta por un/unha patrón/patroa, un/unha mecánico/a e dous/dúas mariñeiros/as.

Portos de Galicia non ten servizos ordinarios (nin de oficinas nin nos portos) os sábados e domingos; ánda que, para casos de incidencias nos portos en días festivos, sábado ou domingo, si se acostuma a actuar desde os cargos de governo do organismo, a través de instrucións aos/ás tres xefes/as de zona territorial de Portos que, pola súa vez, dispoñen a actuación dos/das garda peiraos adscritos/as a cada zona de Portos.

Finalmente, o feito de garantir a apertura dos centros de traballo obedece exclusivamente á necesidade de posibilitar que aqueles/as traballadores/as que así o desexen poidan acudir libremente a traballar. Non obstante, non será necesaria a apertura daqueles centros en que, non tendo fixados servizos mínimos, todos/as os/as traballadores/as exerzan o dereito á folga.

Na súa virtude, por proposta conxunta de todas as consellerías da Xunta de Galicia, co refrendo do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, oídos os comités de folga e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día un de marzo de dous mil dezaoito,

DISPOÑO:

Artigo único

1) Terán a consideración de servizos mínimos os que se relacionan a continuación:

1.1. Presidencia da Xunta de Galicia.



1.1.1. Secretaría Xeral da Presidencia: 1 secretario/a, 1 porteiro/a maior e 1 condutor/a.

1.1.2. Secretaría Xeral para o Deporte.

Centro Galego de Tecnificación Deportiva (Pontevedra)

1 garda/ordenanza na quenda de noite, que inicia a súa xornada o día 7 de marzo ás 22.00 horas e remata ás 05.30 horas

1 preceptor/a na quenda de noite, que inicia a súa xornada o día 7 de marzo ás 22.00 horas e remata ás 05.30 horas

1 oficial cociña na quenda de mañá de 08.00 a 15.30 horas

